

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.453-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA ESIXIR O EQUIPO DE GOBERNO A CESION DE TERREOS PARA QUE A XUNTA DE GALICIA POIDA CONSTRUIR UN NOVO CENTRO DE SAUDE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O equipo municipal de goberno socialista leva enredando dende fai moitos anos cos terreos demandados pola Xunta de Galicia para poder construír un novo Centro de Saúde e PAC para Caldas de Reis que ademais de permitir mellorar a calidade asistencial, permita tamén ampliar os servizos sanitarios e recuperar o paseo Román López como unha zona peatonal e non chea de vehículos como estamos xa, desgraciadamente, acostumados a ver.

O compromiso da Xunta de Galicia do Partido Popular con esta nova construción e xa de público coñecemento, o Concello foi requirido por escrito varias veces para que puxese eses terreos a disposición do Sergas posto que esa infraestrutura sanitaria era urxente, igualmente o anterior Conselleiro de Sanidade Jesús Vázquez Almuiña se comprometeu en persoa con esa construción ante os medios e ante o Alcalde nunha recepción no despacho do Conselleiro, e o equipo do actual responsable de Sanidade da Xunta de Galicia Julio García Comesaña xa manifestou nos medios de prensa escrita que a prioridade absoluta da atención primaria de toda a provincia de Pontevedra era o novo centro de saúde de Caldas de Reis.

O día 11 de setembro de 2019 o BNG e PSOE de Caldas de Reis, sen querer buscar a unanimidade nin contar co principal partido da oposición municipal, anunciaron o acordo destas dúas forzas de situar o Centro de Saúde nos terreos municipais de Santa María que acababan de ser adquiridos. Pero dende esa data e ata o día de hoxe non foron quen de entregar os terreos a Xunta de Galicia, e eso que nesa data indicaban que o ían a facer de forma inmediata, e que os terreos eran perfectos porque tiñan varios accesos e zonas de aparcamentos suficientes, a realidade, como pasa con outros moitos asuntos deste des-goberno municipal e que mais de dous anos despois do anuncio os terreos aínda non están nin cedidos nin en condicións de ser cedidos, e polo que nos indican os técnicos municipais, a tramitación para poder ser entregados aínda pode tardar entre 6 e 10 meses mais.



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

A realidade e esta e nin Caldas de Reis nin os caldenses temos porque seguir pagando a ineficacia e parálise deste des-goberno municipal absolutamente paralizado.

O compromiso con Caldas de Reis dos investimentos da Xunta de Galicia do Partido Popular e evidente, e dende logo nestes anos está acadando cifras nunca vistas, posto que estamos a ver como se asumen compromisos de financiamento de dous saneamentos moi importantes e longamente demandados como son os de Paradela e Reguengo, a ampliación do Instituto de Bacharelato Aquis Celenis, as parcelarias de Godos e Saiar (xa en marcha) ou o inicio (trámites previos) da parcelaria de Bemil, e agora a construción do novo centro de saúde. Todo isto será realidade non polas nulas xestións do goberno municipal se non polo compromiso da Xunta de Galicia do Partido Popular con Caldas de Reis e polas reiteradas e continuas xestión do Grupo Municipal do Partido Popular que está a chamar en todos os despachos para desbloquear temas urxentísimos para Caldas de Reis e dos cales o equipo de goberno nunca se preocupou, e dos cales, sen non se apuran as tramitacións municipais, podemos correr o risco de perder.

As xestións do noso Grupo e o compromiso con Caldas de Reis do Presidente Alberto Núñez Feijoo, do Conselleiro de Sanidade Julio García Comesaña e da Xunta de Galicia do Partido Popular permitiron desbloquear o financiamento da construción deste novo Centro de Saúde e tan só está pendente dos terreos, o único que non depende da Xunta de Galicia e só do Goberno Municipal de Caldas de Reis. Esta infraestrutura vai a ser unha realidade, e así se anunciará, pese a os obstáculos do Alcalde.

2

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de Caldas de Reis presenta ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDOS:

Solicitar ao equipo de goberno municipal que poña URXENTEMENTE a disposición do Sergas e da Xunta de Galicia os terreos necesarios e en condicións de ser urbanizados, para a construción dun novo centro de saúde moderno e adaptado as novas demandas dos usuarios, con espazo suficiente de estacionamento e cos accesos precisos para pacientes e vehículos medicalizados, e sen limitacións para que os técnicos do Sergas poidan escoller a ubicación dentro da parcela municipal.

En Caldas de Reis a 27 de outubro de 2021

O GRUPO MUNICIPAL do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620